


# LIBROS E CINE PARA O NADAL

Decembro 2017

Boletín de recomendacións dos IES da Estrada

## POESÍA



### Elexías de luz

M. Victoria Moreno

Xerais

Poemario da escritora homenaxeada este ano con motivo das Letras Galegas




### Petando nas portas de Dylan

Antonio García Teijeiro

Xerais

Un poemario que fala da vida, en todas as súas facetas. Que nos fai entender que a poesía é necesaria para sobrevivir



### Cidades (reedición)

Fran Alonso

Xerais

Fran Alonso deita unha fermosa mirada poética sobre as cidades, mergullándose nelas e ofrecéndonos as súas cores, os seus olores, a súa vida cotiá,



### Aquí dentro siempre llueve

Chris Pueyo

Ed. Destino

Nos seus versos, Chris Pueyo ábrenos un abano de sentimentos explorados con intensidade, delicadeza e autenticidade.



### Retratos de lo invisible

Ane Santiago

Poemas ilustrados que xiran en torno ao amor, o desamor, a familia, a percepción dun mesmo e o tempo.

## NOVELA E DVD



### Your Name

Makoto Shinkai

Mitsuha Miyamizu é unha estudante de secundaria dunha aldea montañosa. Taki Tachibana é un estudante de secundaria de Tokio. Un día Mitsuha soña que se converte nun mozo novo dunha grande metrópole. Pola súa parte, Taki soña que é unha adolescente dunha vila lonxana

# NARRATIVA




## A arte de trobar

Santiago Lopo  
A arte de trobar

Santiago Lopo

Xerais

No século XIII unha «troupe» de artistas itinerantes procedentes de Galicia percorre os reinos do Camiño de Santiago nun momento que coincide co auxe das cantigas galego-portuguesas..




## 22 segundos

Eva Mejuto

Xerais

Relata anacos da infancia e adolescencia dun mozo transexual que, desde os primeiros anos sabe que a súa identidade de xénero non coincide co sexo que lle asignaron ao nacer.



## La catedral

César Mallorquí

Gran Angular

Unha novela de misterio que se introduce no mundo dos artesáns libres, os templarios e as Cruzadas.



## La emperatriz de los Etéreos

Laura Gallego

Alfaguara

Xénero fantástico

Ao longo do libro os protagonistas ( Bipa e Aer) emprenden unha viaxe en busca dun mundo mellor



## La chica pájaro

Paula Bombara

Editorial Norma

Trata a violencia machista a partir da historia dunha adolescente que se escapa e se protexe colgada sobre a súa tea nunha árbore




## Os nenos da varíola

María Solar

Galaxia

22 nenos sacados de orfanatos cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis e levarán no seu corpo a vacina da varíola a América.



## Astérix en Italia

Conrad e Ferri.

Xerais

Astérix e Obélix embárcanse nunha aventura que fará que coñezan a fondo a Italia antiga



## Jamás tendré 20 años

Jaime Martín

Norma. Editorial

1936, Isabel (costureira) Jaime ( artillero no exército republicano.) Aman. Loitan. Escapan da morte. Cae a República e agora é máis difícil sobrevivir que na guerra.

